

Rosalía e Castela / Castela e Rosalía

Celso Almuiña Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALMUIÑA FERNÁNDEZ, CELSO (2012 [1986]). “Rosalía e Castela / Castela e Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 251-260. Reediación en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2264>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALMUIÑA FERNÁNDEZ, CELSO (1986). “Rosalía e Castela / Castela e Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 251-260.

- * Edición dispoñíbel desde o 29 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ROSALÍA E CASTELA / CASTELA E ROSALÍA

CELSO ALMUÍÑA FERNÁNDEZ

Universidade de Valladolid

Un dos temas máis controvertidos, onde os haxa, é a relación de Rosalía de Castro con Castela e viceversa. Os poemas “Castellana de Castilla” e “Castellanos de Castilla”, insertos en *Cantares Gallegos* e publicados no ano 1863, son unha boa proba. As interpretacións que se lle deron son moitas, desde que Rosalía lle tiña teima a Castela polo trato dado ós segadores galegos, ata unha Rosalía “galeguista” no senso rexionalista ou nacionalista. Eu penso máis en Rosalía cunha preocupación certamente sociolóxica, mais sen facer dela unha loitadora social na clave marxista. A súa resqueimazón social entendo, é un sentimento máis primario vital, non unha elaboración teórica. A outra cara do asunto é como Castela lle respondeu a Rosalía.

Para desenvolver este tema voume fixar en tres aspectos: 1) Os galegos na opinión pública castelá, 2) Rosalía redución dunha imaxe e a súa resposta, e 3) A contrarresposta de Castela á crítica rosaliana.

Así presentada a cuestión, a modo de limiar, convén facer algunhas precisións. ¿Que entendía Rosalía por Castela?. Penso que se podía simplificar a: Castela e a terra ata onde chegan os segadores galegos nos seus desprazamentos do verán (“emigración andoriña”). Neste senso teríamos que meter no mesmo concepto Extremadura, Castela Nova (“Castilla-La Mancha”) e Castela Vella —ou sexa máis ben as nove provincias da Comunidade Autónoma de Castela e León—. A todas estas terras de secano van e veñen, ano tras ano, os segadores galegos recolle-los mollos de trigo e medalos.

Se isto é así, resulta que mete nun mesmo saco terras ben desemeillantes e que só polos guedellos se poden confundir, pois o que teñen en común non é moito.

Habería outra forma de entende-la verba Castela, e coa que eu estou máis de acordo, mesmo como complemento do dito máis arriba. A Castela de Rosalía sería máis ben o que son hoxe as nove provincias de Castela e León. Esta redución a nove puidemos facela porque as outras dúas “históricas” desta rexión (Cantabria e Rioxá) nunca foron terras de cereais e, polo tanto, ata elas non chegaban as cuadrillas de segadores.

Por outra banda, no tempo de Rosalía, cando se emprega a verba “Castela” é para suliñar estas terras. Moi poucas veces se emprega “León”, nin sequera Castela Vella, para referirse a este ámbito (1). Castela no dezanove é algo así coma sinónimo deste espacio de secano, aínda que cientificamente non sexa demasiado certo.

(1) Para este tema pódese ver Celso Almuíña Fernández, *La prensa de Valladolid en el siglo*

Así, resumindo, pola mesma verba en si mesma no significado restrinxido da época e sobre todo pola proximidade a Galicia e pola produción trigueira, ben podemos entende-la verba Castela empregada por Rosalía especialmente referida ás nove provincias, mais sen esquecermos que os segadores van moito máis lonxe.

Por outra banda, o que Rosalía coñece de Castela antes de 1870 é ben pouco. Polo que sabemos, vai de Galicia a Madrid (en dilixencia) —o tren non se acaba ata 1883—. Xa en Madrid viaxa por Castela Nova —ata Murcia— e polo outro lado vai á Extremadura (rexión que Rosalía di que é moi rica). Ata 1870, polo tanto, o coñecemento persoal que ten de Castela é moi pouco. A Corte de Isabel II xa non se pode identificar con Castela.

Queda claro, pois, que a imaxe que Rosalía recolle en *Cantares Gallegos* (1863) non é algo por ela “inventado”. Non a crea ela. Rosalía limitábase a recolle-lo tópico que circula polo ambiente. É significativo, penso eu, que Rosalía non escribe en primeira persoa neses dous poemas antes sulñados. Quen se lamenta é outra persoa, ben a rapaza que chora a morte do seu mozo ou o mozo namorado que se queixa de que non o quere a castelá e o desprecia.

Polo tanto, máis que fixarse se Rosalía “vilipendia y hasta denuesta a Castilla” (2), penso eu que habería que ve-lo tema dende outro lado —opinión pública— e presentado doutra maneira. Primeiro, dende Castela: ¿existiu ese mal trato ós galegos-segadores en Castela?. De ser certo —que non se pode negar—, ¿foi discriminatorio? ¿Extendeuse esa imaxe dos segadores a tódolos galegos? En segundo lugar desde Galicia: ¿xeneralizouse a tódolos casteláns o adxectivo de explotadores que só se pode aplicar ós propietarios que recorrían a man de traballo allea? Outra cuestión sería como Rosalía recolleu ese tópico e contestou con outra caricatura (esaxeración). A unha lenda negra respóndeselle con outra dourada. E viceversa.

I. Os galegos na opinión pública castelá ata a metade do século XIX

É este un plan moi ambicioso. Aquí só vou sulñar-las liñas básicas á espera de poder complementalas no seu día (3).

No Antigo Réxime, e sobre todo na literatura do século de ouro (por exemplo, Góngora e moitos outros), eu penso que polo descoñecemento que do castelán teñen os galegos —a lingua como raseiro que se emprega para medi-lo grao de cultura— (un

XIX, Institución Cultural Simancas, Valladolid, 1977, *passim*. Jesús García Fernández, *Castilla. (Entre la percepción del espacio y la tradición erudita)*, Espasa-Calpe, Madrid, 1985, *passim*.

(2) Jesús García Fernández, *Castilla, op. cit.*, p. 117.

(3) Para prensa doutras cidades pódese ver: Francisco León Correa, *León en el último tercio del siglo XIX. Prensa y corrientes de opinión (1868-1898)*, Valladolid, 1985 (tese de dout. inédita); Juan Carlos Pérez Manrique, *El nacimiento de la prensa moderna en Burgos*, Valladolid, 1982 (Memoria de licenciatura inédita); María Jesús Dueñas, *El nacimiento de la moderna prensa palentina*, Valladolid, 1983 (Memoria de licenciatura inédita).

concepto de “cultura” que hoxe se tende a revisar moi profundamente), resulta que os galegos —algo semellante podemos dicir dos cataláns, etc.— son considerados coma ignorantes. Tema o da lingua que serviu de baremo ata tempos ben recentes (ata que a nosa burguesía ou mellor os “señoritos” recordaron que existía o galego).

Na segunda metade do XVII o separatismo portugués e os intentos cataláns e sobre todo a crise económica volveu presentar de novo o tema. Hai certas referencias en que os segadores galegos se aproveitan de Castela —que sacan moitos cartos destas terras—. Ou sexa que os explotados convértense en explotadores, segundo estas interpretacións.

No século dezaioito, en que buscan tanto o proveito coma a ilustración, os segadores galegos “ilustrados” —nese concepto de “cultura”— desde logo que non o eran. E moitos testemuños da época trátanos de vagabundos ou de pobres oficiais; ou sexa, xente de pouco proveito. Fíxanse estes testemuños nos tullidos, lisiados, etc. que quedan en Castela, precisamente é moi posible que ningún deles fose nunca segador.

No paso do dezaioito ó dezanove —o que coñecemos como a crise do Antigo Réxime— e máis concretamente durante a chamada Guerra da Independencia, vanse producir algúns feitos que debemos suliñar como merecen. Primeiro, a gran fame que embarga a Castela nestes anos. A penas se colle unha espiga nos primeiros anos do novo século. Este feito repercute en Galicia. Nesta situación ten lugar a invasión francesa. A liña do Douro é estratéxicamente moi importante para chegar a Portugal e para impedir que as tropas galegas —moi importantes— se unan coas do sur. Este feito veno ben os dous bandos, por iso o Capitán Xeneral de Castela —Cuesta— chama en axuda ós asturiáns e ós galegos. Aqueles case non lle fan caso. Os galegos, a Xunta Suprema de Galicia, que dispón dun exército duns 40/50.000 soldados (por comparar, Napoleón cando ven a España co seu exército, é acompañado duns 50/60.000 h.), contrapropoñenlle a Cuesta que se refuxie en Galicia á espera de mellores tempos. Non se pode loitar con Napoleón na terra cha. Cuesta non quere aceptar. Á fin, a Xunta de Galicia accede por non deixalo só, pero cunha restra de recomendacións ó seu xeneral en xefe de tipo estratéxico, e sobre todo de ritintíns fronte a Cuesta, pola súa ideoloxía de antigo réxime (4).

Na loita de Medina de Rioseco, Cuesta fixo o que lle deu a gana. E perderon os españois a pesar de ser máis cós franceses. Logo viñeron buscar ó culpable. Cuesta endósalle a derrota a Blake, xefe das tropas galegas, e este culpa a Cuesta pola estratexia errada, pois autoproclamárase xeneral en xefe de tódalas tropas combinadas. Novas discordias interrexionais. Así, ós que viñeron en axuda, pese a estar convencidos de que non se podía loitar na terra cha, a nivel de opinión non se lles recoñece todo o seu sacrificio, cando non o contrario.

Ben certo é que pouco despois, cando soldados galegos chegan a Valladolid prisioneiros, a poboación vallisoletana fai unha serie de recolleitas para darlles de comer

(4) Celso Almuíña y otros, *Valladolid en el siglo XIX*, Ateneo, Valladolid, 1985, pp. 49 ss.

quente e vestilos, “ya que venían vestidos como cuando vienen de la siega” (5). Deste momento hai que destacar un guerrilleiro que se fixo moi famoso nestas terras e que se coñecía co alcume de “O galleguillo”. O tal “galleguillo” matou varios franceses e durante certo tempo conseguiu poñelos nerviosos. O día do ano novo do 1811 os franceses linchárono. Converteuse durante un certo tempo en heroe popular (6).

As fames e as loitas civís da primeira metade do XIX hai que telas moi en conta para explicar, en parte, o trato que se lles dá ós segadores e a mesma inseguridade nos camiños (ladróns) é o que determina que os galegos se xunten para cruza-las terras máis perigosas, formando “gallegadas” para cruzar sobre todo as provincias próximas ós montes que separan Galicia de Castela.

A praga das pragas do dezanove é o cólera morbo que fai tremar de medo a pobos enteiros. Neste século hai embestidas a miúdo. Aínda en 1885 ten lugar unha grande embestida do morbo. Todo forasteiro, ou sexa, todo trasego de persoas vese como un perigo certo polo medo a que veñan infestados do mal. E sobre todo no verán, que é cando máis ataca a cólera. Os segadores son así vistos xustamente con precaución polos pobos por onde teñen que pasar e que, sen embargo, non poden prescindir deles (7). Ben é certo que as precaucións non se restrinxen só ós segadores, aplícanse a todo forasteiro (8), aínda que, iso si, moi especialmente ós segadores.

Así, no tempo da Rosalía, os segadores galegos, dos que non se podía prescindir en Castela como man de obra e amais barata, tiñan bastante “mala prensa”. Algo, por outra banda, que se utiliza frente a toda emigración, especialmente andoriña. Canto máis se desprece e infravalore, máis barata se pode contratar logo. Iso é algo universal. Recurso que, por outro lado, non quere dicir que se xustifique. Pero é así.

Outra cousa ben distinta é saber ata que punto a imaxe dos segadores xeneraliza en Castela a tódolos galegos. A cuestión é moi complexa, mais posiblemente a

(5) Francisco Gallardo Merino, *Noticias de casos particulares ocurridos en la ciudad de Valladolid. Año 1808 y siguientes*, Valladolid, 1886.

(6) Demetrio Martínez Martel, *Diario de Valladolid*, Valladolid, 1886, p. 9.

(7) “Nuestro estimado corresponsal en Bamba [Wamba] –pueblo cercano a Valladolid– escribe una interesante carta de la que copiamos los siguientes párrafos:

“Los segadores gallegos, que pasaron por estos pueblos en Mayo y Junio a trabajar a las provincias de Madrid, Toledo, Segovia y otras, van a regresar a su casa y lo harán, como siempre, por los mismos caminos que fueron. Ahora vienen de pueblos infestados por el cólera y es de absoluta necesidad tomar todas las precauciones que el caso requiere, para evitar que a su paso nos dejen tan funesto huestped.

Que las autoridades tengan conocimiento de este asunto y dicten pronto, muy pronto las disposiciones convenientes porque antes de quince días principia el paso de los gallegos referidos por los pueblos de esta provincia”.

“Conste que las medidas que se adopten han de inspirarse, ante todo, en principios de caridad y amor al prójimo, ya que el cumplimiento de los preceptos, aconsejados por la ciencia, no contradicen, en manera alguna, a la práctica de tan sublime como salvadora virtud”. *La Libertad* (Valladolid), nº 1321, 22-VII-1885, p. 2, col. 4.

(8) “Es objeto de amargas censuras y chacotas muy oportunas las fumigaciones que el Ayuntamiento de Rioseco hace sufrir a los viajeros que procedentes de Valladolid llegan a aquella ciudad en tren”. *La Opinión* (Valladolid), nº 691, 16-VII-1885, p. 2, col. 4.

podíamos resumir así: no campo, onde non se coñecían outros galegos, doutros oficios distintos (tal vez os afiadores), é moi posible que galego e segador fose sinónimo. Sen embargo, nas cidades castelás, onde se tiñan contactos con outros galegos —dende amas de cría ata outros de moi distinta consideración— (9), a imaxe penso que era algo distinta, pero tampouco demasiado. En calquera caso, o tema queda aberto, pois nin afecta directamente ó que aquí se trata, ademais de ser moi complexo.

O que non se pode ignorar, para ben ou para mal, é que as relacións de todo tipo entre Galicia e Castela ó longo da historia son moi estreitas. A toponimia castelá, por exemplo, é unha boa proba. O nome de “gallegos”/“galleguillos” de... aparece a miúdo en Castela.

II. Rosalía, reacción/resposta a unha imaxe tópica

A) *As fontes do coñecemento en Rosalía*

Antes do 1870, e polo tanto antes de escribir *Cantares Gallegos*, Rosalía podía ter dúas fontes de coñecemento con respecto ó tema. A primeira, o que transmitían os segadores e que ela tivo que escoitar cando era nena e mais mocinha no medio campesino onde se criou. Non habería que descartar algunhas esaxeracións dos mesmos segadores (a época romántica préstase a iso), descontada desde logo a dura realidade. A segunda fonte venlle da súa estancia en Madrid e das viaxes suliñadas. Así podemos afirmar que Rosalía recolle algo que flutúa no ambiente. É un tópico, non por iso menos real. Rosalía así dá unha resposta que, sendo persoal —por ser ela quen enguedella os versos—, faina en certo modo impersoal, quero dicir, indirecta en canto que quen responde non é ela en primeira persoa, é un mozo e unha rapaza (aínda que esta rapaza puidese ser un reflexo dela mesma desde certa óptica romántica).

B) *Cantares Gallegos, unha imaxe deformada e parcial de Castela*

Nunha análise lixeira dos *Cantares Gallegos* vemos ó instante dous planos: a paisaxe e os homes casteláns.

En canto á paisaxe, Rosalía é un dos primeiros escritores do dezanove, se non é o primeiro, que crea a caricatura castelá: terra cha, reseca, sen árbores —en contraposición á Galicia—, que só evoca na poetisa soedades (10). Imaxe tópica, non carente de

(9) Véxase esta comparación que fai referencia, segundo parece, a unha casa de xogo en Valladolid: “Se dan fugas como suelen darse *judías* en casa del *Gallego* cuando se juega, que ahora por falta de primos parece que anda un poco paralizada la industria”. *La Opinión*, nº 693, 20-VII-1885, p. 1, col. 2.

(10) “El paisaje castellano este únicamente aparece como tal, y alzaprimado en sus difíciles condiciones ecológicas, a partir del último tercio del siglo pasado (...)”

Y en esta percepción de los componentes de su complejo ecológico hay toda una tradición. Y esta, que yo sepa, comienza en Rosalía de Castro en sus *Cantares Gallegos*, que datan de 1863 —fecha de la primera edición— si en ellos trata de ensalzar a Galicia, no sin cierto com-

certa verdade coma toda caricatura, pero tamén simplificada. Imaxe, por outra banda, que moitos galegos, posiblemente, rubricasen hoxe aínda.

En canto ós homes, ou sexa, ó elemento humano castelán, por unha banda, están as mulleres e pola outra os homes. Os primeiros motes de Rosalía chegan a caer case na lumiada, véxanse verbas como “soberbia”, “fidalga”, “Ingrata”, “alma bastarda”, etc. Toda esta restra porque a castelá non quere o mozo galego. Non debemos esquecernos, penso eu, do romantismo que late de fondo.

Sobre o estilo indirecto (xa suliñado), pódense ver estes versos: “Din que na nobre Castilla / Así os gallegos se trata”. Non o afirma Rosalía directamente, parece, segundo din, etc. Ela estrictamente non se responsabiliza totalmente do feito.

O mozo despreziado e dorido busca un refuxio —algo moi propio do romantismo—. E esa escapatoria encóntraa na paisaxe galega. Hai un salto do persoal ó impersoal, se se quere, dunha interiorización (sentimento amoroso) á unha exteriorización (a mitigación da dor co medio ecolóxico): “Eu voume a Galicia hermosa”. E como é normal nun mozo rexeitado, ameaza con refuxiarse na cantidade doutras mozas que o están esperando.

Os elementos románticos son moi acusados. Agora ben, non podemos esquecer que ela é castelá e o mozo é galego. De fondo podemos olla-la dialéctica Castela/Galicia. Rosalía, dende logo, toma partido por unha das partes en litixio. Iso é evidente.

En “Castellano de Castilla” tamén aquí Rosalía volve a emprega-lo estilo indirecto: é a rapaza a que fala (mais ben, que se queixa), e a escritora —Rosalía— recolle o cantar popular, polo menos así o presenta. Sen embargo, aquí xa aparece o segador en primeiro plano e ela como unha viúva antes de casar. Tema moi recorrente na obra rosaliana. O que non sabemos certo é onde o segador morreu, se en Castela ou en Galicia. Véxase senón: “Cando veu, viña morrendo // Morreu aquel qu’eu quería // Y aló a vida che quitaron / Aló a mortifiña che deron”. Parece que onde morreu é en Galicia e onde o mataron é en Castela.

Podíase facer toda unha disquisición sobre a morte (o galego volve a morrer á súa terra, etc.). E tamén profundizar na componente romántica: a mociña prefere morrer antes ca vivir (é unha viúva antes de casar): “Pidolle a Dios que me mate / Por que xa vivir non quero”.

Clave romántica, preocupación social, mais hai unha terceira cuestión: ¿Pódese falar dunha Rosalía rexionalista no senso nacionalista? Eu penso que non. Hai que separar moi ben o que é sentimento de discriminación, e ata de asoballamento da propia terra, do nacionalismo. Unha cousa é a denuncia dunha situación, certa por outro lado, e outra a saída —solución— que se lle pretenda dar.

plejo de inferioridad, no deja de vilipendiar, y hasta denostar a Castilla, pero en gran parte tomando como base sus caracteres ecológicos. Ya en el prólogo los resalta: “Mais eu que atravesei repetidas veces aquelas soledades de Castilla que dan idea do deserto (...)”

Pero, en donde mejor lo expresa es en *Castellanos de Castilla* —toda una diatriba contra nuestra región— Así hace su composición: “Solo pezoñosas charcas / detidas no ardente suelo / tes Castilla, que humedezan / esos teus labios sedentos /”. Jesús García Fernández, *Castilla*, *op. cit.*, p. 117.

Sentimento de discriminación está moi estendido por case toda a España da época. Posiblemente moitos non saiban que tamén en Castela, e concretamente en Valladolid, ese mesmo sentimento é pan de cada día na mesma década dos sesenta. Podía aportar moitas probas neste senso (11). Non é aquí o lugar para iso.

En Rosalía, por suposto, ese sentimento está moi presente. Mais só se se identifica España con Castela como sinónimos se pode ver na “Gaita Gallega” e noutros lugares un separatismo e en relación co tema dos segadores. Hai si unha denuncia, unha queixa moi dorida. Esa queixa está condicionada mentres ese asoballamento exista.

“Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española
Qu’España de ti s’olvida
cando eres ¡ai! tan hermosa
Torpe de ti s’avergonza
y a nay qu’un fillo despreza
nay sin coraçon se noma”

Dicía máis enriba que había unha imaxe de Castela parcial. Certamente toda xeneralización esconde sempre parcialidades. E posiblemente a un poeta non se lle poida pedir outra cousa. Mais Rosalía baixo a verba casteláns mete no mesmo saco ó traballador xornaleiro e ó gran propietario. A vida do xornaleiro castelán no dezanove non é precisamente envexable, o tema é coñecido, os “mendigos” enchen as cidades neste tempo (12). Tampouco certamente se pode falar de grandes terratenentes en Castela, polo menos na Castela norte, salvo algunha zona moi concreta de Salamanca, etc. Despois si, Extremadura, Toledo, etc.

En Rosalía baixo a verba castelá, penso que habería que entender só á todos aqueles que empregaban man de obra allea, concretamente para a sega. Hai contratadores grandes e pequenos tamén. Estes últimos tampouco nadaban na abundancia precisamente como para facer grandes dispendios. Esta é a realidade. Quero dicir, que as condicións xerais do tempo eran duras, non podemos caer en anacronismos tan frecuentes nestes temas.

C) Rosalía en contacto directo coa realidade castelá. Simancas

Xulio Estrada Nérida (13) adicoulle a este tema indirectamente un libríño ó es-

(11) Véxase Celso Almuíña, *La prensa de Valladolid (...), op. cit., passim*, ou máis recentemente, “Nacimiento y configuración de la nueva sociedad vallisoletana” en *Historia de Valladolid en el XIX*, Ateneo, Valladolid, 1985; “Rosalía de Castro y Castilla”, *Norte de Castilla*, 15-VII-1985.

(12) Xunto á nota anterior, pódense ver traballos sobre pobres e vagos de Rosa Pérez Estévez, Pedro Carasa Soto, Elena Maza Zorrilla feitos na Universidade de Valladolid, recentemente.

(13) Julio Estrada Nérida, *Páginas de una biografía: Manuel Murguía. Director del Archivo de Simancas (1868-1870)*, Edicións do Castro, Sada (Coruña), 1983.

tudia-la estancia de Murguía ó frente do Arquivo Xeral de Simancas (5-XII-1868 a 10-X-1870).

Dous días despois da toma de posesión, Rosalía, en Santiago, ten a súa filla Aurita ou Aurea. Loxicamente non está en Simancas. As escapadas de Murguía son abundantes ó longo do 1869 (Santiago, Madrid). No ano 1870 está máis en Simancas, polo menos ata finais de agosto. En total parece que Murguía está realmente en Simancas, uns oito meses, máis ben menos ca máis. ¿Estivo todo este tempo Rosalía con el na vila vallisoletana? Non temos constancia documental. Rosalía non estaba moi interesada en vivir alí e amais tiña unha nena dun ano e pico; incluso sabemos que neste ano ela ó menos nalgún momento estivo en Madrid, desde onde lle escribe unha carta ó seu home. É probable que vivira en Simancas, e certa tradición sostén que incluso tivo ocasión de falar con varias cuadrillas de segadores. Pero, repito, non temos constancia certa e ben probada. Por outro lado, incluso engadiría esa desconfianza de pouca estadía ó que Murguía —tamén segundo certa tradición que chega ata hoxe— tivo certos amoríos en Simancas. Aínda que non é ningunha proba definitiva —de ser certo—, tamén nos inclinamos a pensar que a muller non vivía con el nun lugar tan pequeno, onde o control é moi fácil.

Sen embargo, en contra do dito, temos o testemuño, no prólogo de *Follas Novas*, da mesma Rosalía, dicindo que en boa parte foi concebido en Simancas.

En resume, eu penso que ela si debeu vivir algún tempo en Simancas, pero desde logo moi pouco. As circunstancias persoais tanto de Rosalía coma de Murguía e o mesmo ambiente da vila (14) non ofrecían as mellores condicións naquel tempo para vivir a gusto e poder crear poeticamente. A estancia foi para o matrimonio non moi grata. Veu a reforza-los prexuicios que Rosalía tiña cara a Castela. Sen embargo, tamén hai que suliñar que a partir deste momento as referencias a Castela escasean e ata son moito máis suaves. Pode parecer paradóxico, mais despois da experiencia simanquina o tema castelán pasa a un segundo lugar.

En conclusión, Rosalía frente a unha lenda negra de Galicia e os galegos, personificada nos segadores; existente en Castela, responde con tono duro, mais se se mira ben, tampouco ten esas aristas tan broncas que algúns se esforzaron en airear.

III. A opinión pública castelá frente a Rosalía

Falar da opinión pública castelá obriga a moito, por iso convén facer algunhas matizacións. O traballo céntrase fundamentalmente na prensa. En Castela, coma noutras moitas rexións, non hai a penas prensa literaria, a prensa de “intereses morales y materiales” é a máis frecuente. Os temas literarios non interesan especialmente. E menos se é poesía. E moito menos se está escrita nunha lingua que non é a castelá, sim-

(14) Véxase a novela de Rosa Chacel, *Memorias de Leticia Valle*, por exemplo, aínda que está ambientada medio século despois de vivir Rosalía alí.

plemente por razóns de ignorancia ou comodidade. Habería que investigar tamén outras fontes para completa-lo tema.

Eu penso que podemos fixar coma cinco etapas polo que a este tema se refire: 1) Na vida de Rosalía, 2) O momento da morte (1885), 3) ata a Guerra Civil, 4) durante o franquismo e 5) hoxe.

Nin a máis mínima referencia na vida de Rosalía nin sequera no momento que veñen a Simancas encontramos na prensa vallisoletana. Podiamos esperar que no momento da súa morte se adicase algunha semblanza, aínda que fose de circunstancias. Tampouco nada.

No que queda do dezanove e mais no vinte, ata a Guerra Civil, si encontramos moitas referencias e mesmo escritos da Condesa de Pardo Bazán. ¿Porque escribe en castelán?, ¿porque fixo gabanzas de Castela en moitas ocasións, por exemplo no liñar a “Nuevas Castellanas” de Gabriel y Galán”, ¿porque era unha prosista e ademais de indubidable valor? Todo puido axudar a que así fose. A Rosalía practicamente nada, nin sequera na II República.

Durante o franquismo, especialmente no franquismo tardío, comezouse a falar de Rosalía. Unha Rosalía chorona e exaltadora dun folclorismo descafeinado. Foron Casas Rexionais, como a de Valladolid, as que comezaron a facer algún tipo destes recitais.

Hoxe estamos ante un novo momento. Os actos son moitos: día das letras galegas, conferencias, lecturas de poesías, etc., ó menos que eu coñeza en Valladolid e Salamanca. E non só as Casas Rexionais, tamén os Ateneos, Casa Cervantes (Valladolid), etc. Artigos na prensa. Pero especialmente, para rematar, quero referirme á vila de Simancas.

En Simancas coa ocasión do actual centenario da morte adicóuselle polo Concello e Asociacións de Veciños unha semana, con conferencias, lecturas, debuxos (do gran debuxante Cuadrado Lomas), un “pliego de cordel”, etc. Parece, como o fixen patente nestes actos, que tiña que ser precisamente Simancas onde comezase a recuperación da gran poetisa que é Rosalía. Que se por parte de Rosalía puido haber certa incomprensión, tamén moito de realidade, chegou o momento de vence-los rescoídos de incomprensión entre as rexións e cada un, respetando as súas propias particularidades, tratar de ver no que podemos enriquecernos e non afondar nos prexuícios históricos. Prexuícios dos que os galegos foron vítimas e tamén os casteláns noutros momentos. Iso é precisamente o que había que superar.

IV. Conclusións

1.— Existiu en Castela unha lenda negra contra os segadores galegos, cunhas orixes moi antigas. Lenda que se aproveitaba xustamente como un elemento máis para a explotación. Explotación que é connatural co momento e co papel que ós dous elementos lles tocou xogar: ós propietarios maximiza-los beneficios pagando os salarios máis baixos posibles; ós segadores, man de obra sen cualificar, barata,

que moitas veces ela mesma se fai a competencia e é explotada polos mesmos xefes de cuadrilla. Por todo isto a situación dos segadores certamente era moi dura.

2.— Rosalía, moi identificada coa súa terra e co sufrimento humano en xeral e dos galegos en concreto, responde con rabia á lenda e o resultado é outra caricatura dourada, sen dúbida esaxerada. Confunde a parte co todo.

3.— Rosalía convértese en voceira e defensora dunha parte do seu pobo. Voceira que vai falar coa mesma lingua deles e dos mesmos problemas. Avogada dos campesinos galegos especialmente.

4.— Rosalía non coñecía minimamente Castela cando escribiu a diatriba contra Castela e os casteláns. O seu coñecemento directo será pouco e tardío. Xustamente a partir dese momento, contra o que poida parecer, case se olvida de Castela, aínda que non quero dicir nin moito menos que experimentase unha “conversión”. Mantense na súa postura, pero non bota mais leña ó lume.

5.— Castela ignorou a Rosalía practicamente ata o momento presente, un século xusto da súa morte. Ignorancia que non é totalmente consciente, quero dicir, un esquecemento como resposta á mesma Rosalía. Limitacións dos medios, da lingua, do xénero que cultivaba a poetisa, etc. Mais o certo é que Rosalía ata tempo moi actual non se coñece e non se lle dá importancia. Case o único que se sabe a nivel de minorías é o que dela din os libros que, dentro do romantismo, falan algo dela (despois de Bécquer). A nivel xeral, case nada.

6.— Hoxe moitas cousas empezan a cambiar. Rosalía pode ser celebrada como unha gran poetisa mesmo en Simancas. Unha boa proba penso eu de que comeza unha nova era de superación de enfrontamentos entre rexións que algúns nunca quixeron recoñecer e, por iso, tampouco se comezou a pór remedio.